



R constata que, coa alarma sanitaria, o consumo de internet fixo aumenta un 63 % nos fogares galegos e as chamadas de voz son un 110 % máis longas

- **O confinamento da poboación galega nos fogares provocou un aumento xeralizado do uso de servizos de telecomunicacións, sobre todo en accesos fixos á rede**
- **Realízanse chamadas de voz ata un 100 % máis longas no teléfono fixo e un 110 % no móbil; as persoas necesitan conversar máis tempo cos seus achegados durante o illamento**
- **Segundo comproba o operador galego, incrementouse un 63 % o consumo diario de internet de alta velocidade nos fogares da comunidade, con picos que revelan un aumento dun 45,56 %**
- **O tempo consumido na oferta de televisión en directo medrou un 47 % (ata 4,5 horas diarias) e a de contidos baixo demanda un 32 %**
- **Aumenta un 300 % o volume de datos utilizados en Whatsapp.**

Mércores, 8 de abril de 2020.- A crise sanitaria e o confinamento das persoas nos seus domicilios traducíuse nun aumento xeral dos servizos de telecomunicacións, tal e como constatou **R** nas últimas semanas. Ao teletraballo como práctica xeralizada -nas empresas que poden aplicalo – engádese a demanda de servizos de datos e voz co obxecto de cubrir as necesidades das familias para manterse conectadas cos seus seres queridos e gozar tamén de opcións de lecer e entretemento durante o día.

En concreto, durante o período de confinamento, **R** rexistrou un incremento do **consumo de banda larga fixa** nos fogares de Galicia unha porcentaxe do **63 %**, e **picos de consumo de datos** que representan un **45,56 %** máis con respecto a

períodos anteriores á alarma sanitaria. Ao estar na casa, as familias conéctanse á rede de datos fixa, no canto de ao móbil, para navegar por Internet, ver películas en *streaming*, convocar videoconferencias con familiares ou amigos, ou compartir xogos en rede. A primeira semana de illamento da poboación nas súas casas foi a que rexistrou o aumento máis significativo de consumo de datos, e tamén os niveis pico máis elevados.

Máis tráfico de voz e chamadas máis longas

O aumento de uso das telecomunicacións ten tamén o seu reflexo nos servizos de voz de **R** dende o inicio do estado de alarma sanitaria, tanto nas comunicacións de fixo como nas de **móbilR**. Así, rexistrouse un incremento de máis do **45 % no tráfico de telefonía fixa** e de máis do **60 % no de telefonía móbil**.

Fanse, por tanto, máis chamadas e, ao tempo, a duración de cada unha delas medra sensiblemente, chegando a porcentaxes superiores a un **100 %** no caso das chamadas desde fixos e por riba do **110 %** en chamadas de **móbilR**, o que reflicte esa necesidade crecente de manter a conexión con amigos e familiares nestes momentos de illamento físico da poboación. Tamén é significativo o volume de datos utilizados en Whatsapp, que medra ata un **300 %**.

Máis horas ante o televisor

Con respecto á televisión, **R** constatou igualmente que nestes momentos o **consumo medio diario é de 5,4 horas**, un **45 %** máis do habitual. Ademais, o tempo consumido na oferta de contidos na televisión en directo medrou nun **47 %** (ata as 4,5 horas diarias) e a de contidos baixo demanda incrementouse un **32 %**. Pola súa banda, os consumos de contidos infantís en televisión aumentaron un **54 %** e os de cine para toda a familia, un **55 %**.

Dimensionamento da rede e uso racional dos servizos

A actual conxuntura de crise sanitaria, coa maior parte da poboación confinada nas súas casas dende hai semanas a facer uso masivo dos servizos de telecomunicacións, debuxa un escenario inédito ata a data en calquera país do mundo. É, tamén, unha proba de fogo para os operadores.

As recomendacións de uso razoable das redes que acordaron e plasmaron nun documento o pasado 15 de marzo non responden máis que á vontade de **mellorar a experiencia dos clientes garantindo, ao tempo, os servizos**. De feito, 800 técnicos dos equipos de Sistemas e Rede do Grupo Euskaltel, ao que **R** pertence, están a traballar para garantir unha rede de calidade, dimensionándoa para soportar estes incrementos de tráfico inusuais e controlándoos 24x7 para identificar picos de uso superiores e lanzar as ampliacións correspondentes.

Nesta liña, **R**, do mesmo xeito que o resto dos operadores, mantén as súas recomendacións para gozar dunha boa experiencia de servizo:

- Potenciar o uso da telefonía fixa para as chamadas de voz, xa que estamos na casa.
- Usar a rede wifi fixa para acceder a Internet.
- Utilizar ferramentas colaborativas (*Skype, Teams, WhatsApp*, etc) tamén para as comunicacións de voz.
- Evitar o envío de ficheiros pesados e substituílos por enlaces.
- Descargar os ficheiros pesados nas «horas val» (de pouco tráfico).
- Realizar audioconferencias en lugar de videoconferencias.

#EuQuedoNaCasa

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal/euquedonacasa